



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE TRES DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E TRES
(ACTA NÚMERO 08)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. Jose Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **tres de marzo de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/ as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CATRO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de febreiro de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA MIGRACIÓN DO SISTEMA DE INFORMACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS (GINPIX-7) A UNHA ENTORNA CLOUD, SOPORTE E MANTEMENTO EN FORMATO SAAS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de Contratación da migración do sistema de información e xestión de recursos humanos (Ginpix-7) a unha entorna Cloud, soporte e mantemento en formato SaaS., consta no mesmo:

1.- Providencia de inicio e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7B2PK3GFN23HHSQBWTGQ3WOQ.

2.- Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7B2H23FAJ25H54WFQQJYYBMA.

3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7AQOQ5GBZZYRE3WZEHCQSTJY.

4.- Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7B2PRJPI773XGNTT4NN4IXEA.



5.- Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7B2PRNB4ZLLOJMBUUFKUZHKI.

6.- Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do servizo de Contratación da migración do sistema de información e xestión de recursos humanos (Ginpix-7) a unha entorna Cloud, soporte e mantemento en formato SaaS. 2023/CON_02/000016.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con pluralidade de criterios, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a 2º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse os convites ao licitador que se indica a continuación: Soluciones avanzadas en informática aplicada, S.L. con CIF B80004732 e correo electrónico concursos@savia.net.

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 81.867,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 17.192,07 €, o que fai un total de 99.059,07 €.

O gasto financiarase conforme ás seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	MODIFICACIÓN 10% (art. 309.1 LCSP)	RC
2023	9200.216	52.440,19		22023/4658
2024	9200.216	34.964,16		220239/15
			9.905,91	220239/25
2025	9200.216	11.654,72		220239/15
SUMA		99.059,07		

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2023, polo importe relacionado, para a anualidade 2023.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2024 e 2025 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DE OBRA E INSTALACIÓNS DA CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE GUITIRIZ. LOTE 1: DIRECCIÓN DE OBRA. LOTE 2: DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN DE OBRA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de Contratación do servizo de dirección facultativa de obra e instalacións da construción do Centro de Atención ás Persoas Maiores de Guitiriz, consta no mesmo:



1. Providencia de inicio e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7B23BZF76ITKP3CUI5AZTWGA.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7B2C3IFMXI7XUYQ5QMM4IVNY (lote 1) e IV7B2AB3BMXMT3NPCFWRF7TXDY (lote 2).
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7CXSL7AFRNROBPSJOEAMI6EU.
4. Informe do Sección de Benestar Social e Igualdade, con CSV: IV7B2PALZQ4YVXRK4X5VB3STII.
5. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7B2MCZZAVKR6BTCRMGKBHP6U.
6. Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7B2MC7MBU7L34LXQFF4NHUGM.
7. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Declarar a urxencia do expediente para a contratación do Servizo de dirección facultativa de obra e instalacións da construción do Centro de Atención ás Persoas Maiores de Guitiriz, polas razóns que se recollen no informe con CSV: IV7B2PP5N4G673UYWUFAKIDXFY.

2º.- Aprobar a contratación do Servizo de dirección facultativa de obra e instalacións da construción do Centro de Atención ás Persoas Maiores de Guitiriz.

3º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do

mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

4º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

5º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 54.940,42 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 11.537,50 €, o que fai un total de 66.477,92 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP. O gasto financiarase con cargo á aplicación 2315.6500955, segundo consta no informe de consignación da Intervención.

Anualidade	LOTE	Importe sen IVE	IVE	Importe con IVE
2023	1. Director Obra	27.470,21 €	5.768,75 €	33.238,96 €
	2. Director Ejecución	27.470,21 €	5.768,75 €	33.238,96 €
	Total	54.940,42 €	11.537,50 €	66.477,92 €

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2023, polo importe relacionado, para a anualidade 2023.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GAS PROPANO E MANTEMENTO DOS DEPÓSITOS FIXOS CON DESTINO AOS CENTROS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE



**TRABADA, POL, A FONSGRADA, CASTROVERDE, PEDRAFITA DO CEBREIRO,
MEIRA E RIBAS DE SIL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 14 de febreiro de 2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

1.- Orden de inicio de expediente de contratación con CSVIV7AEOH6KAMTJFOLSMQXIH2HCY¹.

2.- Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7AEOH4LRJTJE7DX6D7537IE.

3.- Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7AEOH7NRB23XF56V4ND4JUKM.

4.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7AG2KPHU5ZUXPSWPVF6EPPEI.

5.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7AG6D6CDVPJ2W25UAT4FXWDY.

6.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7AG6D4BBPNXW5C3XXWF5TEAY.

7.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7AG6HTPL4J5GGOYEPUMUCH4Q.

8.- Proposta de Presidencia, con CSV: IV7AG7STHRUCJKUDQQMCEYX7GE.

9.- Acordo da Xunta de Goberno de 25 de novembro de 2022, con CSV IV7AG72K37R4VCV5UIOGKADXAM, polo que se aproba expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

10.- Acta da Mesa de contratación de data 9 de xaneiro de 2023, con CSV IV7BS7ADPIVD7FM2AQOWMMJ664:

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

“Pola Presidencia dáse conta que, no servizo de contratación, con carácter previo á constitución da mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres de documentación administrativa das empresas presentadas, téndose comprobado con carácter previo que ditas proposicións foran presentadas en prazo. Verificouse a documentación administrativa presentada polas empresas concorrentes. Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa Presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, constitúese a mesa de contratación -a través de medios electrónicos-.

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores convidados a este procedemento e que presentaron oferta foron os seguintes:

Repsol Butano S.A.

Vitogas España, S.A.

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentan en tempo e forma a súa proposta, a continuación procédese á apertura dos sobres de criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas:

LICITADORES	RECARGO/REDUCCIÓN SUBMINISTRACION GAS	Oferta mantemento (sen impostos)	Tempo de entrega xeral	Tempo de entrega urxente
REPSOL BUTANO S.A.	-0,065 €/Kg	756 euros	48 hs	12 hs
VITOGAS ESPAÑA, S.A.	0 euros para novembro e decembro	3.500 euros	48 hs	24 hs

A oferta presentada por Vitogas, S.A. altera substancialmente o Anexo II do PCAP (modelo de proposición de criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas). A oferta non se axusta ao PCAP (letra k do cadro resumo), criterio de adxudicación 1, xa que os licitadores deberán ofertar unha única variable A para todo o contrato (un ano) e non unicamente para os meses de novembro e decembro.

Polo exposto, a Mesa de contratación considera procedente a exclusión da licitadora Vitogas España, S.A.



Acto seguido, procedeuse á valoración dos criterios avaliábles automaticamente da oferta presentada por Repsol Butano S.A.:

LICITADOR	Puntuación Recargo/redución subministración gas	Puntuación Oferta mantemento	Puntuación Tempo entrega xeral	Puntuación Tempo entrega urxente	Puntuación total
REPSOL BUTANO S.A.	80	10	0	5	95,00 puntos

A continuación realízase o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, resultando que a oferta non está incursa.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

Excluír a proposta presentada pola empresa Vitogas, S.A. por alterar substancialmente o Anexo II do PCAP (modelo de proposición de criterios avaliábles automaticamente mediante fórmulas matemáticas) e non axustarse ao PCAP (letra k do cadro resumo), criterio de adjudicación 1, xa que os licitadores deberan ofertar unha única variable A para todo o contrato (un ano) e non unicamente para os meses de novembro e decembro.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite contemplado no artigo 44.2 da LCSP, procede interpoñer – con carácter potestativo- recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con enderezo en <https://tacgal.xunta.gal/>. A iniciación do procedemento para a interposición do recurso especial en materia de contratación está prevista no artigo 50 da LCSP, sendo o prazo de interposición de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel en que se teña coñecemento do acto, de conformidade coa D.A.15º da LCSP.

Clasificar á oferta admitida atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1	REPSOL BUTANO S.A.	95 puntos

Requirir á empresa Repsol Butano S.A. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (orçamento de licitación sen IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA 5%
168.628,26 €	8.431,41 €

11.- Resolución de Presidencia de data 13 de xaneiro de 2023, de exclusión dunha licitadora, clasificación e requirimento de documentación, con CSV IV7BSKB3ZNEYJXBSCFVWO52EMI.

12.- Requimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 17 de xaneiro de 2023.

13.- Acta da Mesa de contratación de data 2 de febreiro de 2023, con CSV IV7B662JPI63TSWD3UEFOMQGIQ:

“Infórmase que a licitadora, Repsol Butano S.A., presentou, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e da sede electrónica da Deputación de Lugo, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

Incorpórase ao expediente escritura de poder, certificado de alta en IAE, certificados de estar ao corrente coa administración tributaria e da seguridade social, certificado da recadación provincial, así como carta de pago da garantía depositada.



Tendo en conta que aos membros da Mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra, detéctase o seguinte: Respecto da solvencia económica, a empresa presenta xustificante de depósito de contas do exercicio 2021 así como declaración da empresa, mais non aporta as contas aprobadas, que son o medio de acreditación da solvencia económica e financeira, conforme o artigo 87 LCSP e cláusula 17 do PCAP.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade dos seus integrantes:

Requirir a Repsol Butano S.A. para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte: Contas aprobadas no exercicio 2021”.

14.- Requirimento de subsanación de documentación, notificado o 3 de febreiro de 2023, a través da Plataforma de contratación do sector público.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 14 de febreiro de 2023, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP requirida en fase de subsanación, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e da sede electrónica, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Repsol Butano S.A. a contratación da subministración de gas propano e mantemento dos depósitos fixos con destino aos centros de atención ás persoas maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Meira e Ribas de Sil. 2022/CON_02/000077, por un importe de 168.628,26 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 35.411,93 €, o que fai un total de 204.040,19 €, para unha duración dun ano, coa seguinte oferta do adxudicatario: -0,065 €/Kg de redución sobre o prezo fixado no BOE, mantemento e subministración de accesorios ao longo do contrato por 756 euros sen IVE, tempo de entrega xeral de 48 horas e urxente de 12 horas.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos”

Vista a proposta da mesa, e dado que a contratación conleva dúas prestacións, por un lado, unha subministración e, por outro, unha prestación accesoria (mantemento e subministración de accesorios ao longo do contrato), para a cal a empresa adxudicataria ofertou 756 euros sen IVE e que, de acordo co PCAP, a administración contratante non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento base de licitación, quedando limitado ó gasto real. Polo dito, o contrato debe adxudicarse polo importe global, mais axustando á baixa ofertada polo adxudicatario para a parte de mantemento e subministración de accesorios, sendo polo tanto o prezo de adxudicación o importe máximo de 161.796,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 33.977,16 €, o que fai un total de 195.773,16 €.

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Repsol Butano S.A. a contratación da subministración de gas propano e mantemento dos depósitos fixos con destino aos centros de atención ás persoas maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Meira e Ribas de Sil, por un importe de 161.796,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 33.977,16 €, o que fai un total de 195.773,16 €, para unha duración dun ano, coa seguinte oferta do adxudicatario: -0,065 €/Kg de redución sobre o prezo fixado no BOE, mantemento e subministración de accesorios ao longo do



contrato por 756 euros sen IVE, tempo de entrega xeral de 48 horas e urxente de 12 horas, coa seguinte distribución por anualidades:

CONTRATO SUBMINISTRO DE GAS						
CENTRO	APLICACIÓN	IMPORTE AÑO	2023	A/23	2024	A/24
CAM TRABADA	2315.22102	25.555,20	21.296,00	220229/841	4.259,20	220229/842
CAM POL	2315.22102	27.152,40	22.627,00	220229/845	4.525,40	220229/846
CAM A FONSA BRADA	2315.22102	30.346,80	25.289,00	220229/847	5.057,80	220229/848
CAM PEDRAFITA	2315.22102	30.346,80	25.289,00	220229/849	5.057,80	220229/850
CAM CATROVERDE	2315.22102	27.152,40	22.627,00	220229/851	4.525,40	220229/852
CAM MEIRA	2315.22103	27.152,40	22.627,00	220229/853	4.525,40	220229/854
CAM RIBAS DE SIL	2315.22104	27.152,40	22.327,00	220229/855	4.525,40	220229/856
	SUMA	194.858,40	162.082,00		32.476,40	
CONTRATO MANTEMENTO INSTALACIÓNS (Se pagara al finalizar el contrato)						
CENTRO	APLICACIÓN	IMPORTE	A/2024			
CAM TRABADA	2315.212	119,96	220239/844			
CAM POL	2315.212	127,47	220239/858			
CAM A FONSA BRADA	2315.212	142,46	220239/850			
CAM PEDRAFITA	2315.212	142,46	220239/862			
CAM CATROVERDE	2315.212	127,47	220239/864			
CAM MEIRA	2315.212	127,47	220239/866			
CAM RIBAS DE SIL	2315.212	127,47	220239/868			
	SUMA	914,76				
TOTAL CONTRATO		195.773,16				

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2023, pola cantidade indicada, para a anualidade 2023.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2024 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

2º.- A duración deste contrato é de un ano, a contar a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de inicio do contrato ou data que figure na mesma, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, con previsión de dúas posibles prórrogas, a primeira de un ano e a segunda ata o 31.10.2025, de acordo coas datas establecidas nos convenios para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores entre a Deputación de Lugo e os Concellos.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS NOS CENTROS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE TRABADA, POL, A FONSAGRADA, CASTROVERDE, PEDRAFITA DO CEBREIRO E MEIRA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que se conteñen os seguintes extremos:

“Antecedentes.

1.- Acordo da Xunta de Goberno de 2 de abril de 2022, con CSV IV7DVXT23MU44RH5XMQN7YWGU: “Adxudicar á empresa Clece SA a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de protección contra incendios nos centros de atención ás persoas maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro e



Meira. 2022/CON_02/000013, por importe de 33.498,87 euros, aos que se engadirán 7.034,77 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 40.533,64 euros”.

2.- Aceptación do contrato, con CSV IV7DVXT23MU44RH5XMQN7YWGU, con data 28 de abril de 2022.

3.- Proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade de modificación do contrato, de data 14 de febreiro de 2023, con CSV IV7BY4CJBZES7SF3DVA5E53VA4.

4.- Consignación orzamentaria de data 15 de febreiro de 2023, con CSV IV7BY4C2DVU75PJZAUHHOYXEK4.

5.- Aceptación do modificado polo contratista.

Lexislación aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014 , sobre contratación pública.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Consideracións xurídicas.

Primeira.- O PCAP reitor desta licitación prevé, no punto O do Cadro resumo, en relación co artigo 204 da LCSP, a modificación seguinte:

Modificación ao abeiro da D.A. 33 da LCSP, en caso de contratos con prezos unitarios cando as necesidades reais fosen superiores ás estimadas inicialmente, circunstancia que deberá estar debidamente acreditada no expediente, poderá modificarse o contrato co límite máximo do 20% do prezo inicial. A citada modificación tramitarase antes de que se esgote o presuposto máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades.”

Cúmrese o preceptuado nesta cláusula:

1.- A proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade consiste en aumentar o número de unidades de algún dos elementos a subministrar:

“30 unidades de detectores ópticos no CAM de Pedrafita do Cebreiro e 20 unidades no CAM de Pol”.

2.- A citada modificación tramítase antes de que se esgote o presuposto máximo inicialmente aprobado.

3.- A modificación non supón unha alteración do prezo contractual superior ao 20% do prezo inicial do lote, segundo consta na proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade:

IMPORTE ADXUDICACIÓN CON IVE	IMPORTE ADQUISICIÓN DAS NOVAS UNIDADES	VARIACIÓN SOBRE O TOTAL DO CONTRATO (%)
40.533,64 €	2.292,95 €	5,66 %



4.- O motivo da modificación prevista é, segundo consta na proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade: “Das revisións realizadas nos centros en virtude ao contrato que nos ocupa detéctanse que actualmente atópanse estragados un total de 30 unidades de detectores ópticos no CAM de Pedrafita do Cebreiro e 20 unidades no CAM de Pol polo que é estritamente necesario proceder a súa substitución co gaio de cumprir a normativa actual vixente na materia e concretamente o Decreto RD 513/2017, de 22 de maio, polo que aprobouse o regulamento de instalación de protección contra incendios”.

5.- Os prezos que se aplicarán serán os establecidos para cada unidade, aplicando a rebaxa que ofertara o adxudicatario ao presentar a súa proposición económica: 31,09%.

Polo exposto o prezo unitario a aplicar ás unidades solicitadas é:

CONCEPTO	PREZO UNITARIO					
	LICITACIÓN			ADXUDICACIÓN		
	Sen IVE (€)	IVE %	Con IVE (€)	Baixa Ofertada	Sen IVE (€)	Con IVE (€)
Servizo de instalación e conxionado preciso para a adaptación do sistema de detección incluíndo detector óptico e zócalo baixo	55,00 €	21	66,55€	31,09 %	37,90 €	45,86 €

Segunda.- A cláusula vixésimo cuarta do PCAP, referida á modificación do contrato, recolle o seguinte:

“24.1.Modificación prevista no PCAP (artigo 204 LCSP). Ver o cadro resumo.

En caso de que se prevea unha modificación, deberá tramitarse antes de que se esgote o presuposto máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades. A modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

A modificación, en caso de estar prevista no PCAP, cumpridas as circunstancias habilitantes, tramitarse do seguinte xeito:

Incorporarase ao expediente a xustificación da necesidade por parte do responsable do contrato.

Darase audiencia á adxudicataria polo prazo de dez días naturais.

Emitiranse informes polo Servizo de Contratación e Fomento, a Secretaría Xeral e a Intervención, previos á correspondente resolución do órgano de contratación.

A resolución do órgano de contratación será de cumprimento obrigatorio para o contratista.

Publicarase un anuncio da modificación na Plataforma de Contratos do Sector Público no prazo de cinco días desde a aprobación da mesma.

Terceira.- De acordo, co sinalado na cláusula décima do PCAP reitor e o sinalado no artigo 109 da LCSP “Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, readaptarase a garantía no prazo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 109 da LCSP.”

Sendo necesaria, polo tanto, a presentación de garantía polas novas prestacións, no importe do 5% do incremento do prezo como consecuencia da modificación.

Cuarta.- O PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 3: “O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, deixando a salvo a aplicación dos artigos 9 e 10 da Lei 40/2015 de RXSP, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.”, polo que o órgano competente para resolver sobre o asunto é a Xunta de Goberno.

Conclusión.

En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación da modificación efectuada polo Servizo de Benestar Social e Igualdade, infórmase favorablemente a modificación contractual proposta pola responsable do contrato Servizo de mantemento integral das instalacións de protección contra incendios nos Centros de Atención ás Persoas Maiores de Trabada, Pol, A



Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro e Meira. 2022/CON_02/000013, entendendo que procede que, polo órgano de contratación, se adopte o seguinte acordo:

Modificar a contratación do Servizo de mantemento integral das instalacións de protección contra incendios nos Centros de Atención ás Persoas Miores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro e Meira. 2022/CON_02/000013, adxudicado á empresa Clece S.A., para engadir unha serie de unidades xa contempladas nos pregos do expediente, por un importe de:

CONCEPTO	Unidades	PREZO UNITARIO ADXUDICACIÓN	TOTAL IMPORTE	
		Sen IVE (€)	Sen IVE (€)	Con IVE (€)
Servizo de instalación e conxionado preciso para a adaptación do sistema de detección incluíndo detector óptico e zócalo baixo CAM PEDRAFITA DO CEBREIRO	30	37,90 €/ud.	1.137,00 €	1.375,77 €
Servizo de instalación e conxionado preciso para a adaptación do sistema de detección incluíndo detector óptico e zócalo baixo CAM POL	20	37,90 €/ud.	758,00 €	917,18 €
Total importe modificación			1.895,00 €	2.292,95 €

Aprobar o devandito gasto, financiándose segundo consta no informe da Intervención Xeral.

A empresa adxudicataria deberán presentar resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE (94,75 €), constituído de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 do LCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.

E todo canto procede informar, salvo mellor criterio fundado en dereito.”

En base ao que vai dito, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Modificar a contratación do Servizo de mantemento integral das instalacións de protección contra incendios nos Centros de Atención ás Persoas Maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro e Meira. 2022/CON_02/000013, adxudicado á empresa Clece S.A., para engadir unha serie de unidades xa contempladas nos pregos do expediente, por un importe de:

CONCEPTO	Unidades	PREZO UNITARIO ADXUDICACIÓN	TOTAL IMPORTE	
		Sen IVE (€)	Sen IVE (€)	Con IVE (€)
Servizo de instalación e conexiónado preciso para a adaptación do sistema de detección incluíndo detector óptico e zócalo baixo CAM PEDRAFITA DO CEBREIRO	30	37,90 €/ud.	1.137,00 €	1.375,77 €
Servizo de instalación e conexiónado preciso para a adaptación do sistema de detección incluíndo detector óptico e zócalo baixo CAM POL	20	37,90 €/ud.	758,00 €	917,18 €
Total importe modificación			1.895,00 €	2.292,95 €

2º.- Aprobar o devandito gasto, financiándose segundo consta no informe da Intervención Xeral.

3º.- A empresa adxudicataria deberán presentar resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE (94,75 €), constituído de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

4º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 do LCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA O CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE RIBAS DE SIL. LOTE 1: MOBILIARIO XERAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que se conteñen os seguintes extremos:

“Antecedentes.

1.- Acordo da Xunta de Goberno de 26 de agosto de 2022, con CSV IV7AWPZ7LZES5HR7CBWU4MIAEA: “1º.- Adxudicar á empresa Industrias Hidráulicas Pardo S.L. a contratación da subministración de equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, expediente 2022/CON_02/000044 Lote 1 Mobiliario xeral, por un importe de 131.390,00 € euros, aos que haberá que engadir 27.591,90 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 158.981,90 euros e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos de 5 anos”.

2.- Formalización do contrato, con CSV IV7A4MANLH7YTLWY6I7QERBCCI, con data 3 de outubro de 2022.

3.- Proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade de modificación do contrato, de data 14 de febreiro de 2023, con CSV IV7BY4CJBZES7SF3DVA5E53VA4.

4.- Consignación orzamentaria de data 15 de febreiro de 2023, con CSV IV7BYDIOJDZNQXH42AEFEYBGM4.

5.- Aceptación do modificado polo contratista.

Lexislación aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Consideracións xurídicas.

Primeira.- O PCAP reitor desta licitación prevé, no punto O do Cadro resumo, en relación cos artigos 203 e 204 da LCSP, a modificación seguinte:

“Modificación prevista no PCAP (204 LCSP):

De acordo co disposto no artigo 204 da LCSP, prevese neste PCAP a seguinte modificación: Modificación por necesidade de aumentar o número de unidades de algún dos elementos a subministrar durante o prazo de dous anos a contar desde a formalización do contrato. Esta



modificación non poderá supoñer unha alteración do prezo contractual superior ao 20% do prezo inicial de cada lote. Os motivos da modificación poden ser: necesidades que xurdan no centro, substitución por deterioro e outras semellantes. Os prezos que se aplicarán serán os establecidos para cada unidade, aplicando a rebaixa que ofertara o adxudicatario ao presentar a súa proposición económica.”

Cúmprese o preceptuado nesta cláusula:

1.- A proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade consiste en aumentar o número de unidades de algún dos elementos a subministrar:

“10 unidades máis de cadeira de dormitorio tapizada para dispoñer nos dormitorios dobres”.

2.- Atopámonos dentro do prazo “de dous anos a contar desde a formalización do contrato”.

3.- A modificación non supón unha alteración do prezo contractual superior ao 20% do prezo inicial do lote, segundo consta na proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade:

LOTE	IMPORTE ADXUDICACIÓN CON IVE.	IMPORTE ADQUISICIÓN DAS NOVAS UNIDADES	VARIACIÓN SOBRE O TOTAL DO LOTE 1: MOBILIARIO XERAL. (%)
1	158.981,90 €	1.787,55 €	1,12 %

4.- O motivo da modificación prevista é, segundo consta na proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade: “O 8 de febreiro do 2023 realizouse unha inspección polos Sociais da Xunta de Galicia co gaio de cotexar o centro e outorgar, de ser o caso, o Permiso de Inicio de Actividade, en adiante PIA. Desta inspección e no tocante ao equipamento do centro cotexase a necesidade de dispoñer dun total de 10 unidades máis de cadeira de dormitorio tapizada para dispoñer dos dormitorios dobres.”

5.- Os prezos que se aplicarán serán os establecidos para cada unidade, aplicando a rebaixa que ofertara o adxudicatario ao presentar a súa proposición económica. Así, conforme a proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade:

LOTE	IMPORTE LICITACIÓN Con IVE	IMPORTE ADXUDICACIÓN Con IVE	% BAIXA OFERTADA
1	187.402,56 €	158.981,90 €	15,17%

Polo exposto o prezo unitario a aplicar ás unidades solicitadas son os que se amosan na seguinte táboa:

CONCEPTO	PREZO UNITARIO					
	LICITACIÓN			ADXUDICACIÓN		
	Sen IVE (€)	IVE %	Con IVE (€)	Baixa Ofertada	Sen IVE (€)	Con IVE (€)
Cadeira dormitorio tapizada	174,15€	21	210,72€	15,17%	147,73 €	178,75 €

Segunda.- A cláusula vixésimo cuarta do PCAP, referida á modificación do contrato, recolle o seguinte:

“24.1.Modificación prevista no PCAP (artigo 204 LCSP). Ver o cadro resumo.

En caso de que se prevea unha modificación, deberá tramitarse antes de que se esgote o presuposto máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades. A modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

A modificación, en caso de estar prevista no PCAP, cumpridas as circunstancias habilitantes, tramitarse do seguinte xeito:

Incorporarase ao expediente a xustificación da necesidade por parte do responsable do contrato.

Darase audiencia á adxudicataria polo prazo de dez días naturais.

Emitiranse informes polo Servizo de Contratación e Fomento, a Secretaría Xeral e a Intervención, previos á correspondente resolución do órgano de contratación.



A resolución do órgano de contratación será de cumprimento obrigatorio para o contratista.

Publicarase un anuncio da modificación na Plataforma de Contratos do Sector Público no prazo de cinco días desde a aprobación da mesma.

Terceira.- De acordo, co sinalado na cláusula décima do PCAP reitor e o sinalado no artigo 109 da LCSP “Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, readaptarase a garantía no prazo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 109 da LCSP.”

Sendo necesaria, polo tanto, a presentación de garantía polas novas prestacións, no importe do 5% do incremento do prezo como consecuencia da modificación.

Cuarta.- O PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 3: “O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, deixando a salvo a aplicación dos artigos 9 e 10 da Lei 40/2015 de RXSP, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.”, polo que o órgano competente para resolver sobre o asunto é a Xunta de Goberno.

Conclusión.

En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación da modificación efectuada polo Servizo de Benestar Social e Igualdade, infórmase favorablemente a modificación contractual proposta pola responsable do contrato da Subministración do equipamento para o Centro de Atención ás Persoas Maiores de Ribas de Sil. Lote 1, entendendo que procede que, polo órgano de contratación, se adopte o seguinte acordo:

Modificar a contratación da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, 2022/CON_02/000044, Lote 1 (mobiliario xeral), adxudicado á empresa Industrias Hidráulicas Pardo S.L., para engadir unha serie de unidades xa contempladas nos pregos do expediente, por un importe de:

IMPORTE NOVAS UNIDADES PARA SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO					
LOTE	CONCEPTO	Unidades	PREZO UNITARIO ADXUDICACIÓN	TOTAL IMPORTE	
			Sen IVE (€)	Sen IVE (€)	Con IVE (€)
1	Cadeira Dormitorio Tapizada (ID21)	10	147,73 €	1.477,31 €	1.787,55 €

Aprobar o devandito gasto, financiándose segundo consta no informe da Intervención Xeral.

As empresas adxudicatarias deberán presentar resguardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE (lote 1: 73,87 €), constituído de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 do LCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.

E todo canto procede informar, salvo mellor criterio fundado en dereito.”

En base ao que vai dito, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Modificar a contratación da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, 2022/CON_02/000044, Lote 1 (mobiliario xeral),



adxudicado á empresa Industrias Hidráulicas Pardo S.L., para engadir unha serie de unidades xa contempladas nos pregos do expediente, por un importe de:

IMPORTE NOVAS UNIDADES PARA SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO					
LOTE	CONCEPTO	Unidades	PREZO UNITARIO ADXUDICACIÓN	TOTAL IMPORTE	
			Sen IVE (€)	Sen IVE (€)	Con IVE (€)
1	Cadeira Dormitorio Tapizada (ID21)	10	147,73 €	1.477,31 €	1.787,55 €

2º.- Aprobar o devandito gasto, financiándose segundo consta no informe da Intervención Xeral.

3º.- As empresas adxudicatarias deberán presentar resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE (Lote 1: 73,87 €), constituído de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

4º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 do LCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO PARA AS ESPECIALIDADES DE SEGURIDADE NO TRABALLO E VIXILANCIA DA SAÚDE, ASÍ COMO O NECESARIO APOIO AO SERVIZO DE PREVENCIÓN PROPIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE

LUGO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ESPECIALIDADES DE HIXIENE INDUSTRIAL E ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que se conteñen os seguintes extremos:

“1.- Antecedentes administrativos.

1.- O 11 de decembro de 2020 a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a adxudicación do seguinte contrato, “Servizo de prevención alleo para as especialidades de seguridade no traballo e vixilancia da saúde, así como o necesario apoio ao servizo de prevención propio da Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento das especialidades de hixiene industrial e ergonomía e psicosocioloxía aplicada. EXP0013SE20SEABO. GTM-XEN_0-00107 CSV: IV7G3XL23FPL7KWL6M5BLZB6CU.

2.- Con data 21 de xaneiro de 2021, asíñase a acta de inicio do contrato, sendo a duración do mesmo de dous anos. O contrato poderá prorrogarse por dous anos máis, sen que a duración total do contrato exceda dos 4 anos (2+2). A entrada en vigor da contratación será con efectos do día 01 de febreiro de 2021. CSV: IV7HW2S3PIZIRDXY44QFMUHQMU.

3.- O día 22.11.2022 por Resolución de Presidencia aprobouse a prórroga do contrato nos seguintes termos:

A prórroga terá unha duración de dous anos, desde o 1 de febreiro de 2023 ata o 31 de xaneiro de 2025, mantendo inalteradas, durante a prórroga, as condicións e obrigas contractuais, por un importe máximo de 151.970 euros (IVE non incluído) máis 16.254 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (21% IVE), o que fai un total de 168.224 euros,co seguinte reparto por anualidades.



ANUALIDADES	IMPORTE	APLICACIÓN
2023 (01/02/2023 ao 31/12/2023)	77.102,66 euros	2210.22799
2024 (01/01/2024 ao 31/12/2024)	84.112 euros	2210.22799
2025 (01/01/2025 ao 31/01/2025)	7.009,34 euros	2210.22799

4.- O día 22.02.2023 a Responsable do contrato, presenta un escrito con CSV: IV7B2TK4PJMITC7TYBQVB5XVKI, onde se solicita a modificación do contrato por un importe anual total de 3.912 euros máis IVE sobre o prezo de adxudicación, motivada na apertura de tres novos centros de traballo da Deputación Provincial de Lugo, a Residencia de Maiores de Meira, Residencia de Maiores de Navia de Suarna e Residencia de Maiores de Ribas de Sil.

2.- Lexislación aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/ UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adelante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

3.- Consideracións xurídicas.

Primeira.-Modificación prevista no PCAP.

No cadro resumen do PCAP, apartado “T”, preveese a posibilidade de modificación.

“Modificacións: SI. Modificación ao abeiro da D.A. 33 da LCSP, prevista no PCAP (204 LCSP), en caso de que as necesidades reais fosen superiores ás estimadas inicialmente, circunstancia que deberá estar debidamente acreditada no expediente, poderá modificarse o contrato co límite máximo do 20% do prezo inicial. A citada modificación tramitarase antes de que se esgote o presuposto máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades. (Ver apartado 3 do PPT “Nos próximos 4 anos tense previsto inaugurar polo menos 5 residencias máis e, previa comunicación, aos novos postos, instalacións e dependencias que se dean de alta durante a duración do contrato e aos que se precisen con carácter extraordinario. Dita ampliación nos supostos establecidos e cos límites previstos no presente seguirá a tramitación dun modificado previsto.”)”

Segunda.- Obxecto da modificación.

O día 22 de febreiro de 2023 a Responsable do contrato, presenta un escrito (CSV: IV7B2TK4PJMITC7TYBQVB5XVKI), onde solicita unha modificación do contrato por un importe anual total de 3.912 euros máis IVE sobre o prezo de adxudicación, motivado nas circunstancias expostas a continuación:

“Feitos.

Primeiro.- O contrato ten unha duración máxima de vixencia de dous anos, prorrogables por outros dous anos máis, sen que a duración total do contrato exceda dos 4 anos (2+2), comezando a súa vixencia o 1 de febreiro de 2021 e iniciando a súa prórroga o 1 de febreiro de 2023.

Segundo.- Dende o Servizo de Contratación solicitouse a 9 de novembro de 2022 a redacción dun informe sobre a prórroga do contrato coa mercantil “Cualtis, S.L.U”, con NIF B84527977.

Terceiro.- Nos pregos de prescricións técnicas no punto tres establece que “nos próximos 4 anos tense previsto inaugurar polo menos 5 residencias máis e, previa comunicación, aos novos postos, instalacións e dependencias que se dean de alta durante a duración do contrato e aos que se precisen con carácter extraordinario. Dita ampliación nos supostos establecidos e cos límites previstos no presente seguirá a tramitación dun modificado previsto.”



Informo, Tendo en conta que neste ano anterior comezaron a funcionar tres novos centros de traballo da Deputación Provincial de Lugo, a Residencia de Maiores de Meira, Residencia de Maiores de Navia de Suarna e Residencia de Maiores de Ribas de Sil, e facultando o punto tres dos pregos de prescricións técnicas unha ampliación neste suposto vemos que precede un incremento polos centros engadidos de “Servizo de Prevención Parte Técnica” 1.956 euros e “Medidas de Emerxencias e Evacuación de Plans de Autoprotección” 1.956 euros resultando un incremento total por ano de 3.912 euros mais IVA sobre o importe ofertado inicialmente.

Solicítase, Visto o informado solicítase que se leve a cabo a tramitación do contrato en virtude do artigo 204 da Lei de Contratos do Sector Público “Modificacións previstas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares”.

Este informe que se xunta ao expediente ven co conforme da actual empresa adxudicataria.

Terceira.- Prezo da modificación.

Aos efectos de determinar o prezo que supón a modificación do actual contrato de Servizo de prevención alleo para as especialidades de seguridade no traballo e vixilancia da saúde, así como o necesario apoio ao servizo de prevención propio da Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento das especialidades de hixiene industrial e ergonomía e psicocioloxía aplicada, sinalar o indicado no apartado 3 e nos apartados 6.1 e 6.2 do PPT.

“3.- Ámbito de aplicación.

(...)

Nos próximos 4 anos tense previsto inaugurar polo menos 5 residencias máis e, previa comunicación, aos novos postos, instalacións e dependencias que se dean de alta durante a duración do contrato e aos que se precisen con carácter extraordinario. Dita ampliación nos supostos establecidos e cos límites previstos no presente seguirá a tramitación dun modificado previsto.”

“6.-Prezo do contrato:

6.1.- Prezo máximo do Servizo de Prevención Parte Técnica:

20.000 euros + IVE para os 23 centros de traballo actuais.

Aboado contra facturas semestrais para os 23 centros de traballo iniciais.

O incremento de centros de traballo nos anos de servizo (ampliación de 5 residencias ou centros) suporá un incremento da partida facturada anual a un importe calculado ca seguinte fórmula:

Importe anual = N° de centros engadidos * (Importe ofertado anual/23).

6.2.- Prezo máximo Medidas de emerxencia e evacuación e Plans de autoprotección:

20.000 euros/ano + IVE para os 23 centros de traballo actuais.

Aboado contra facturas semestrais para os 23 centros de traballo iniciais.

O incremento de centros de traballo nos anos de servizo (ampliación de 5 residencias ou centros) suporá un incremento da partida facturada anual a un importe calculado ca seguinte fórmula:

Importe anual = N° de centros engadidos (3 centros) * (Importe ofertado anual/23)'''

Polo que tendo en conta o anteriormente exposto, o prezo da modificación tendo en conta a incorporación das 3 novas residencias sería o seguinte:

Prezo do Servizo de Prevención Parte Técnica:

Importe anual = N° de centros engadidos (3 residencias)* (15.000/23)= 1.956,52 euros máis IVE

Prezo Medidas de emerxencia e evacuación e Plans de autoprotección:



Importe anual = Nº de centros engadidos (3 residencias) * (15.000/23)=1.956,52 euros máis IVE

Importe anual da modificación= 3.913 euros máis IVE

Tendo en conta que a modificación terá efectos a partir do día 01.04.2023 e que o límite máximo para a modificación prevista é do 20% do prezo inicial segundo o previsto no PCAP, incorpórase un cadro comparativo entre o prezo do contrato orixinal e o resultante do modificado, co seguinte detalle:

“Modificacións: SI. Modificación ao abeiro da D.A. 33 da LCSP, prevista no PCAP (204 LCSP), en caso de que as necesidades reais fosen superiores ás estimadas inicialmente, circunstancia que deberá estar debidamente acreditada no expediente, poderá modificarse o contrato co límite máximo do 20% do prezo inicial. A citada modificación tramitarase antes de que se esgote o presuposto máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades. (Ver apartado 3 do PPT “Nos próximos 4 anos tense previsto inaugurar polo menos 5 residencias máis e, previa comunicación, aos novos postos, instalacións e dependencias que se dean de alta durante a duración do contrato e aos que se precisen con carácter extraordinario. Dita ampliación nos supostos establecidos e cos límites previstos no presente seguirá a tramitación dun modificado previsto.”)

	PREZO (sen IVE)	MODIFICADO (efectos a partir do 01.04.2023)	TOTAL (sen IVE)	%INCREMENTO
VIXENCIA DO CONTRATO:				
I.-01.02.2021 a 31.01.2023	151.970 euros			
II.-Prórroga (2 anos) 01.02.2023 a 31.01.25	151.970 euros	7.173,83 euros		
TOTAL	303.940 euros	7.173,83 euros	311.113,83 euros	2,36% aprox

A modificación do contrato é inferior ao 20% do prezo de adjudicación do contrato, xa que supón un incremento do 2,36% aproximadamente respecto do prezo de adjudicación contrato tendo en conta o importe da prórroga aprobada por Resolución de Presidencia de data 22.11.2022, pasando de 303.940 euros a 311.113,83.-€ (importes sen IVE) sendo a data prevista de efecto da modificación o día 01/04/2023.

Cuarta.- Sen perxuízo de que a resolución do órgano de contratación neste extremo será de cumprimento obrigatorio para o contratista, consta aceptación por parte da adxudicataria do contrato en relación ao obxecto da modificación.

Quinta.- En canto ás modificacións previstas o art. 204 da LCSP, solo poderá efectuarse cando se cumpran as circunstancias citadas no artigo 204 da LCSP.

Artículo 204 Modificaciónes previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares:

1. Los contratos de las Administraciones Públicas podrán modificarse durante su vigencia hasta un máximo del veinte por ciento del precio inicial cuando en los pliegos de cláusulas administrativas particulares se hubiere advertido expresamente de esta posibilidad, en la forma y con el contenido siguientes:

a) La cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.

b) Asimismo, en lo que respecta a su contenido, la cláusula de modificación deberá precisar con el detalle suficiente: su alcance, límites y naturaleza; las condiciones en que podrá hacerse uso de la misma por referencia a circunstancias cuya concurrencia pueda verificarse de forma objetiva; y el procedimiento que haya de seguirse para realizar la modificación. La cláusula de modificación establecerá, asimismo, que la modificación no podrá suponer el establecimiento de nuevos precios unitarios no previstos en el contrato.

La formulación y contenido de la cláusula de modificación deberá ser tal que en todo caso permita a los candidatos y licitadores comprender su alcance exacto e interpretarla de la misma forma y que, por otra parte, permita al órgano de contratación comprobar efectivamente el cumplimiento por parte de los primeros de las condiciones de aptitud exigidas y valorar correctamente las ofertas presentadas por estos.

2. En ningún caso los órganos de contratación podrán prever en el pliego de cláusulas administrativas particulares modificaciones que puedan alterar la naturaleza global del contrato



inicial. En todo caso, se entenderá que se altera esta si se sustituyen las obras, los suministros o los servicios que se van a adquirir por otros diferentes o se modifica el tipo de contrato. No se entenderá que se altera la naturaleza global del contrato cuando se sustituya alguna unidad de obra, suministro o servicio puntua.”

Neste caso, cúmprese o preceptuado no Art. 204da LCSP.

Sexta.- A modificación do contrato conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no Art. 109.3 da LCSP que a estes efectos establece a obriga do reaxuste das garantías naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela (a garantía) garde proporción co novo prezo modificado; o reaxuste en proporción ao novo prezo (5% do aumento de prezo) deberá efectuarse dentro do prazo de quince días, contados desde a data de notificación ao empresario do acordo de modificación.

Sétima.- En canto as especialidades procedimentais para este tipo de modificación veñen recollidas no artigo 207 da LCSP que se reproduce a continuación:

“1.(...)

3. Los órganos de contratación que hubieran modificado un contrato que esté sujeto a regulación armonizada, a excepción de los contratos de servicios y de concesión de servicios enumerados en el anexo IV, en los casos previstos en las letras a) y b) del apartado 2 del artículo 205 deberán publicar en el «Diario Oficial de la Unión Europea» el correspondiente anuncio de modificación conforme a lo establecido en esta Ley.

Asimismo los órganos de contratación que hubieren modificado un contrato durante su vigencia, con independencia de si este está o no sujeto a regulación armonizada y de la causa que justifique la modificación, deberán publicar en todo caso un anuncio de modificación en el perfil de contratante del órgano de contratación en el plazo de 5 días desde la aprobación de la misma, que deberá ir acompañado de las alegaciones del contratista y de todos los informes que, en su caso, se hubieran recabado con carácter previo a su aprobación, incluidos aquellos aportados por el adjudicatario o los emitidos por el propio órgano de contratación.”

Nesto suposto, trátase dun contrato que está suxeito a regulación armonizada e non é un servizo dos recollidos no Anexo IV, polo que a modificación será obxecto de publicación no DOUE.

Oitava.-Aos efectos do establecido na base 36, apartado 1.3.7.4. das bases de execución do orzamento 2019,enténdese dende o servizo de contratación e fomento que se cumpren as esixencias do Artigo 204 da LCSP.

“Base 36, apartado 1.3.7.4 Modificación do contrato:

No caso de modificacións previstas segundo o artigo 204 da LCSP, que a posibilidade de modificar o contrato atópase prevista nos pregos,que non supera o límite previsto nos mesmos, e que non se inclúen novos prezos unitarios non previstos no contrato. No caso de modificacións non previstas, ou que non se axusten ao establecido no artigo 204, que se acompaña informe técnico xustificativo dos extremos previstos no artigo 205 da LCSP e que non se superan as porcentaxes máximas previstas no devandito artigo.

Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral e, que no seu caso, ditame do Consello Consultivo de Galicia.”

Décima.- Órgano competente.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Conclusión:



En atención as consideracións expostas e atendendo a xustificación da modificación efectuada, infórmase favorablemente a modificación contractual do contrato do Servizo de prevención alleo para as especialidades de seguridade no traballo e vixilancia da saúde, así como o necesario apoio ao servizo de prevención propio da Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento das especialidades de hixiene industrial e ergonomía e psicocioloxía aplicada motivada nas circunstancias detalladas no informe emitido polo responsable do contrato con CSV: IV7B2TK4PJMITC7TYBQVB5XVKI; xa que logo entende o que subscribe que procede que polo órgano de contratación se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do contrato do Servizo de prevención alleo para as especialidades de seguridade no traballo e vixilancia da saúde, así como o necesario apoio ao servizo de prevención propio da Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento das especialidades de hixiene industrial e ergonomía e psicocioloxía aplicada, motivada na apertura de tres novos centros de traballo da Deputación Provincial de Lugo, a Residencia de Maiores de Meira, Residencia de Maiores de Navia de Suarna e Residencia de Maiores de Ribas de Sil, o que supón un aumento do prezo do contrato en 7.173,83 euros máis 1.506,51 euros en concepto de IVE (21%) o que ascendería a un importe total de 8.680,34 euros, IVE incluído, para o período de 01.04.2023 ao 31.01.2025, mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

Adxudicar a Cualtis, S.L.U. este modificado a que prestou a súa conformidade ao mesmo, tendo en conta que a modificación surtirá efectos dende o día 01 de abril de 2023 ata o vencemento da prórroga do contrato, o día 31.01.2025.

O desglose por anualidades da modificación sería o seguinte:

ANUALIDADES	IMPORTE	APLICACIÓN
2023 (01/04/2023 ao 31/12/2023)	3.551,05 euros	2210.22799
2024 (01/01/2024 ao 31/12/2024)	4.734,73 euros	2210.22799
2025 (01/01/2025 ao 31/01/2025)	394,56 euros	2210.22799

O gasto financiarase con cargo as anualidades 2023 e 2024 e 2025, para a anualidade 2023 figura crédito dispoñible suficiente no orzamento aprobado, e para as anualidades 2024 a 2025

Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos de 2024 e 2025 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

A empresa adxudicataria deberá presentar resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE (358,69 €), constituído de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

Publicar no Diario Oficial da Unión Europea e no sitio web da Deputación de Lugo no menú **servizos** -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 do LCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.”

En base ao que vai dito, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación do contrato do Servizo de prevención alleo para as especialidades de seguridade no traballo e vixilancia da saúde, así como o necesario apoio ao servizo de prevención propio da Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento das especialidades de hixiene industrial e ergonomía e psicocioloxía aplicada, motivada na apertura de tres novos centros de traballo da Deputación Provincial de Lugo, a Residencia de Maiores de Meira, Residencia de Maiores de Navia de Suarna e Residencia de Maiores de Ribas de Sil, o que supón un aumento do prezo do contrato en 7.173,83 euros máis 1.506,51 euros en concepto de IVE



(21%) o que ascendería a un importe total de 8.680,34 euros, IVE incluido, para o período de 01.04.2023 ao 31.01.2025, mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

2º.- Adjudicar a Cualtis, S.L.U.este modificado a que prestou a súa conformidade ao mesmo, tendo en conta que a modificación surtirá efectos dende o día 01 de abril de 2023 ata o vencemento da prórroga do contrato, o día 31.01.2025.

O desglose do importe por anualidades da modificación sería o seguinte segundo informe da Intervención con CSV: V7B2PKLJ5X2JKPJ2ZIQIBHSAY:

ANUALIDADES	IMPORTE	APLICACIÓN
2023 (01/04/2023 ao 31/12/2023)	3.551,05 euros	2210.22799
2024 (01/01/2024 ao 31/12/2024)	4.734,73 euros	2210.22799
2025 (01/01/2025 ao 31/01/2025)	394,56 euros	2210.22799

O gasto financiarase con cargo as anualidades 2023 e 2024 e 2025, para a anualidade 2023 figura crédito dispoñible suficiente no orzamento aprobado, e para as anualidades 2024 a 2025 Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos de 2024 e 2025 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

3º.- A empresa adjudicataria deberá presentar resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE (358,69 €), constituído de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adjudicatario a resolución de modificación do contrato.

4º.- Publicar no Diario Oficial da Unión Europea e no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 do LCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Primeira.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: SARRIA-PARADELA.- Rehabilitación de firme LU-P-5709 “Santa María (LU-633) – Vilamaior – Castro de Rei de Lemos (LU-P-4201)”, P.K. 5+900 a 10+700.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: SARRIA-PARADELA.- Rehabilitación de firme LU-P-5709 “Santa María (LU-633) – Vilamaior – Castro de Rei de Lemos (LU-P-4201)”, P.K. 5+900 a 10+700, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada , con CSV: IV7B2ADNZUBJ7G53AU4NPYK6II.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7B2ADMJLWDYXZNQD6V4P2GAQ.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7B2ADMPZBP6X4CYB7CF43VIM.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7B2ADNMEWP37WS2MOQCPTAIL.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7B2GI2NQO7VZPIS4YDO5BGGA.



6. Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

7. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7B2PCCHUELVTJYC7YCAJDQKY.

8. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7B2PCYKD56WWV66JYSJZRGMU.

9. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: SARRIA-PARADELA.- Rehabilitación de firme LU-P-5709 “Santa María (LU-633) – Vilamaior – Castro de Rei de Lemos (LU-P-4201)”, P.K. 5+900 a 10+700, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 269.734,81 €, dos cales 46.813,48 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segunda.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: GUNTÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 “LU-232 – O Burgo – Palas de Rei (N-547)”, P.K, 13+100 a 18+250.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: GUNTÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 “LU-232 – O Burgo – Palas de Rei (N-547)”, P.K, 13+100 a 18+250, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7B2GAJD5ZJ3PHSWD7DB3T6GU.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7B2ADCFF4PKXUJCLWEIMZVD4.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7B2ADDNYNCTTVO6I44CBDVC4.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7B2AD2JNRMT0B4QIO4G5JSCQ.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7B2GI6HF5JLNGP4BMV6T76P4.
6. Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7B2PCDNP5I32EIRQEFCYIVCA.
8. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7B2PC3EBE3ZNJ26YOHC43TA4.
9. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobado o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: GUNTÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 “LU-232 – O Burgo – Palas de Rei (N-547)”, P.K, 13+100 a 18+250, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobado o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobado o gasto, por importe de 315.198,49 €, dos cales 54.703,87 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2022.

Escrito do Concello de Rábade, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Rábade, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (217) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28/12/2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10/01/2022.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 15, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2023, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados nos mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de dous meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2023.”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 05/04/2022, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.



4. O Concello de Rábade presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
RABADE	217	HUMANIZACION DO ENTORNO DA PRAZA CASTELAO	1532.76201	15.518,81€

5. Por escrito de data 22/02/2023 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
RABADE	REM	PAVIMENTACION TRAMO RUA MIGUEL DE CERVANTES E CALLEJONES RUA LOPE DE VEGA	1532.76201	0,00 €	15.518,81 €	15.518,81 €

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan Único 2022, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Rábade, no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Rábade e incluír no PUC/22, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
RABADE	REM	PAVIMENTACION TRAMO RUA MIGUEL DE CERVANTES E CALLEJONES RUA LOPE DE VEGA	1532.76201	0,00 €	15.518,81 €	15.518,81 €

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e Concello de Barreiros co obxecto de colaborar na “Substitución de chapa de cuberta no pavillón de San Cosme de Barreiros”.*

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Para os efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins común de “Substitución de chapa de cuberta no pavillón de San Cosme de Barreiros”, consta no expediente:

1. Solicitude do Concello de Barreiros con número de expediente no GTM: 2023/PES_03/002927 que inclúe ademais:



- a. Proxecto técnico do investimento.
- b. Declaracións responsables relativas a non existencia de débedas e ás obrigas a asumir polo Concello de Barreiros.

2. Informe do servizo de Deportes relativo ao referido expediente.

3. Memoria de impacto económico.

4. Borrador de convenio.

Á vista así mesmo, do informe do Servizo de Contratación e Fomento.

E do informe do servizo de Intervención de Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Substitución de chapa de cuberta no pavillón de San Cosme de Barreiros”, por importe total de 139.050,21 € a cargo da Deputación de Lugo, nos termos do convenio que se literalmente se transcribe:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros co obxecto de colaborar na “Substitución de chapa de cuberta no pavillón de San Cosme de Barreiros”.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da

citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local e, no seu nome, don Efrén Castro Caloto, en virtude da resolución presidencial de data 15 de outubro de 2019.

E doutra, dona Ana Belén Ermida Igrexas, con DNI nº ***9977**, alcaldesa do Concello de Barreiros, con NIF: P2700500H, e sede social na Rúa Vila 63, Barreiros, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1.b) da LRBRL.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.



Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...).”

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...).”

Cuarto.- Respecto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.(...)”.

Quinto.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Sexto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás



relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Sétimo.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os



de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Noveno.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no Art. 3.3 Lei 5/2014 concréntanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo,

de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualo legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Décimo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Décimo primeiro.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.



Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Décimo segundo.- Os artigos 7, 8 e 9 da Lei 3/2012 de 2 de abril, de Deporte de Galicia recollen as competencias en materia deportiva dos municipios e das entidades locais supramunicipais, nos seguintes termos:

“Artigo 7. Deputacións provinciais.

As deputacións provinciais, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

1. Fomentar, promover e difundir o deporte.
2. Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas.
3. Asistir os municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade económica e de xestión, no deseño e na construción de instalacións deportivas e no desenvolvemento da práctica deportiva.
4. Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade provincial e, de ser o caso, a xestión e o mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e cuxa xestión lles sexan cedidos.
5. Velar pola plena utilización das instalacións deportivas existentes no seu termo e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito na optimización do seu uso, así como coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.
6. Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Artigo 8. Os municipios.

Os municipios, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

1. Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar.
 2. Promover e, de ser o caso, executar, no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa Administración autonómica, así como coa colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas.
 3. Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, de ser o caso, a xestión e o mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e cuxa xestión lles sexan cedidos, tendo en conta a cualificación adecuada do persoal responsable para esas finalidades.
 4. Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.
 5. Fomentar e apoiar a creación de asociacións deportivas no seu ámbito territorial, especialmente nos centros de ensino, barrios e centros de traballo.
- (...)
9. Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local ou que lles poida ser atribuída legal ou regulamentariamente e que contribúa aos fins ou obxectivos desta lei.

(...)

Artigo 9. Relacións interadministrativas.

As competencias en materia de deporte das diferentes administracións públicas de Galicia exerceranse baixo os principios de cooperación, colaboración, coordinación e información multilateral.

Así mesmo, as administracións públicas galegas relaciónanse co Estado e co resto de comunidades sobre a base da cooperación e da colaboración recíproca.”

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.



Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Concepto	CUSTE TOTAL
Substitución de chapa de cuberta no pavillón de San Cosme de Barreiros	139.050,21 € (IVE incluído)

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
139.050,21 €	0,00€
TOTAL: 139.050,21 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Barreiros.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (139.050,21 €).

2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, previa solicitude do Concello de Barreiros, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e deberá achegarse memoria das actuacións pretendidas ou reducir o financiamento comprometido pola Deputación.

3.2. O Concello de Barreiros:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Barreiros, comprométese ao seguinte:

1. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde das actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.

2. Procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións.

3. Licitar os investimentos con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como órgano de contratación, soportando, no seu caso, os tributos que se apliquen, e conservará as obras executadas, adicándoas ao fin que lle é propio.

4. Achegar, para a execución do convenio o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

5. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións determínense pola Deputación Provincial de Lugo.

6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

7. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.

9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.



10. Executar as actuación obxecto deste convenio na data límite do 30 de setembro de 2023.

11. Achegar os proxectos técnicos e no seu caso, as memorias técnicas necesarias segundo proceda legalmente.

12. Recibir a obra e ser titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación.

Cuarta.- Réxime económico.

A) Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A) Deputación de Lugo efectuará unha achega de 139.050,21€ con cargo á aplicación orzamentaria 3410.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

2.-Achega do Concello:

O Concello de Barreiros aportará para a execución do convenio o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

B) Titularidade do resultado da cooperación:

O Concello de Barreiros será titular do resultado da cooperación, coa obriga de dedicar a mesma ao fin pretendido coa sinatura deste convenio.

C) Xustificación da achega económica.

O Concello de Barreiros, achegará, como data límite do 31 de marzo de 2024 á Deputación de Lugo unha conta xustificativa, que terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterà:

1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolva, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade se atopa executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

3. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Acta de recepción das obras.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello de Barreiros, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello de Barreiros non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello de Barreiros, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.



Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Fotografías dos carteis/ pegatinas ou medios dixitais usados na difusión da relación interadministrativa de cooperación.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.



b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.

c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello de Barreiros incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o Concello de Barreiros deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “ Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométese a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no



artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 10 páxinas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que como secretario que dou fe.

O Presidente
P.D. Decreto do 15/10/2019
O Deputado Delegado da Area de Deportes, Artesanía
e Deseño e Memoria Histórica
Asdo: D. Efrén Castro Caloto

A Alcaldesa do Concello de Barreiros
Asdo: Ana Belén Ermida Igrexas

O SECRETARIO XERAL,
Asdo: José Antonio Mourelle Cillero

2º.- Aprobar o gasto, por importe de 139.050,21 € con cargo á aplicación orzamentaria 3410.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2023, a favor do Concello de Barreiros, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa á segunda addenda, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do Concello de Barreiros. Anualidades 2021 e 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“En relación ao asunto de referencia (EXP. 2022/PES_03/025755) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte informe:

Antecedentes de feito.

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 15 de outubro de 2021, acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do Concello, anualidades 2021 e 2022, por importe de 26.315,78 €.

Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200.

12.500,00 € con cargo ao vixente orzamento xeral do 2021.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír no orzamento do ano 2022 a cantidade de 12.500,00€”.

Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do Concello de Barreiros, anualidades 2021 e 2022, formalizouse o 21 de outubro de 2021.



Terceiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 29 de abril de 2022, acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“Aprobar a modificación das cláusulas primeira e cuarta do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do Concello de Barreiros, anualidades 2021 e 2022 formalizado o 21 de outubro de 2021, nos termos da modificación do convenio que se incorpora ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.”

Cuarto: A modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do Concello de Barreiros, anualidades 2021 e 2022, formalizouse o 29 de abril de 2022.

Quinto: A alcaldesa do Concello de Barreiros remitiu, o 13 de febreiro de 2023 (2023RT002020), escrito no que literalmente se solicita: “... que se modifique mediante addenda o contido do convenio indicado para que coincida co realmente executado, debido ás causas imprevistas indicadas.”

Segundo se desprende da documentación que obra no expediente, preténdese a modificación das seguintes cláusulas:

- a) A cláusula primeira: obxecto.
- b) A cláusula cuarta: réxime económico (achega do Concello).

As cales quedarían redactadas do seguinte xeito, tomando como referencia o escrito da representante do Concello de Barreiros:

Cláusula primeira.- Obxecto.

“Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros, en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

ANUALIDADE 2021			
Cantidade	Equipamento	Prezo Unidade	Importe
1	Router TP Link	89,00 €	89,00 €
2	AP TP-Link	99,90 €	199,80 €
1	Impresora HP Laserjet	199,90 €	199,90 €
2	Memorias Ram	44,90 €	89,80 €
1	Windows 10 Pro	169,00 €	169,00 €
1	Portátil HP	649,00 €	649,00 €
1	NAS Synology	628,81 €	628,81 €
1	SAI Salicru	99,00 €	99,00 €
1	Escáner documental Fujitsu	319,00 €	319,00 €
12	PC HP 290 G4 16 Gb Ram	732,05 €	8.784,60 €
13	Monitor Viewsonic 24"	147,05 €	1.911,65 €
TOTAL INVERSIÓN 2021			13.139,56 €

ANUALIDADE 2022			
Cantidade	Equipamento	Prezo Unidade	Importe
2	Memorias Ram	35 €	70,00 €
1	Windows 11 Pro	49,91 €	49,91 €
4	PC HP 290 G4 16Gb Ram	732,05 €	2.928,20 €
4	Monitor Viewsonic 24"	147,05 €	588,22 €
1	Servidor HPE ML350 Gen 10	4.903,51 €	4.903,51 €
22	Antivirus	43,14 €	949,00 €
20	Office 2021	143,99 €	2.879,80 €
12	Altavoces PC	22 €	263,98 €
8	Webcam	20,00 €	160,00 €
1	Impresora de tarjetas	822,80 €	822,80 €
TOTAL INVERSIÓN 2022			13.615,42 €

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN		ACHEGA CONCELLO	
ANO 2021	12.500,00 €	ANO 2021	639,56 €
ANO 2022	12.500,00 €	ANO 2022	1.115,42 €
TOTAL	25.000,00 €	TOTAL	1.754,98 €

Total: 26.754,98 €



As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.”

Cláusula cuarta.- Réxime económico.

“Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 25.000,00 € (12.500,00 € no ano 2021 e 12.500,00 € no ano 2022) para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

12.500,00 € irán con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2021 e 12.500,00 € con cargo ao orzamento da anualidade 2022, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2.-Achega do Concello:

O Concello de Barreiros aportará efectuará unha achega de 1.754,98 € (639,56 € no ano 2021 e 1.115,42 € no ano 2022) e o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin perseguido e a súa axeitada execución.

Titularidade do resultado da cooperación:

O Concello de Barreiros será titular do resultado da cooperación, coa obriga de dedicar a mesma ao fin pretendido coa sinatura deste convenio.

Xustificación da achega económica.

O Concello de Barreiros, achegará, como data límite do 31 de marzo de 2022 -para a xustificación da anualidade 2021- e como data límite do 31 de marzo de 2023 -para a xustificación da anualidade 2022- á Deputación de Lugo unha conta xustificativa, que terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Acta de recepción.

Declaración responsable emitida polo representante do concello de Barreiros, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE.

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.



Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración da mesma actividade prevista neste convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello de Barreiros non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello de Barreiros, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente”.

Consideracións xurídico- administrativas:

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula quinta. Duración do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2021 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa da anualidade 2022 e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2024 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de

2023, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo a conta xustificativa da anualidade 2021 e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2023 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2022”.

Na cláusula sexta. Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar esta segunda addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do Concello de Barreiros, anualidades 2021 e 2022 é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

Conclusiones.

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial, infórmase favorablemente a modificación solicitada pola representante do Concello de Barreiros nos termos da segunda addenda do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia.

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.



Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación das cláusulas primeira e cuarta do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do Concello de Barreiros, anualidades 2021 e 2022, formalizado o 21 de outubro de 2021 e modificado en data 29 de abril de 2022, nos termos da segunda addenda ao convenio que se incorpora ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.

2º.- Aprobar o texto da segunda addenda ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do Concello de Barreiros, anualidades 2021 e 2022 formalizado o 21 de outubro de 2021 e modificado en data 29 de abril de 2022, co seguinte teor literal:

“Segunda addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do Concello de Barreiros. Anualidades 2021 e 2022.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra dona Ana Belén Ermida Igrexas con DNI nº ***9977**, Alcaldesa, que actúa en nome e representación do Concello de Barreiros, con CIF P-2700500H, con sede en Rúa Vila, 63, 27790 Barreiros, con acreditación suficiente para a celebración deste acto.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretaria Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 15 de outubro de 2021, acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do Concello, anualidades 2021 e 2022, por importe de 26.315,78 €.

Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200

12.500,00 € con cargo ao vixente orzamento xeral do 2021.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír no orzamento do ano 2022 a cantidade de 12.500,00€”.

Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do Concello de Barreiros, anualidades 2021 e 2022, formalizouse o 21 de outubro de 2021.



Terceiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 29 de abril de 2022, acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“Aprobar a modificación das cláusulas primeira e cuarta do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do Concello de Barreiros, anualidades 2021 e 2022 formalizado o 21 de outubro de 2021, nos termos da modificación do convenio que se incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.”

Cuarto: A modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do equipamento ofimático do Concello de Barreiros, anualidades 2021 e 2022, formalizouse o 29 de abril de 2022.

Quinto: A alcaldesa do Concello de Barreiros remitiu, o 13 de febreiro de 2023 (2023RT002020), escrito no que literalmente se solicita: “... que se modifique mediante addenda o contido do convenio indicado para que coincida co realmente executado, debido ás causas imprevistas indicadas.”

E con base ao exposto, as partes consideran oportuno formalizar esta segunda addenda ao convenio con arranxo ás seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- As partes acordan modificar as seguintes cláusulas:

A cláusula primeira, sobre o obxecto.

A cláusula cuarta, sobre o réxime económico (achega do Concello).

As cales quedarían redactadas no seguinte senso:

Cláusula primeira.- Obxecto.

“Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros, en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

ANUALIDADE 2021			
Cantidade	Equipamento	Prezo Unidade	Importe
1	Router TP Link	89,00 €	89,00 €
2	AP TP-Link	99,90 €	199,80 €
1	Impresora HP Laserjet	199,90 €	199,90 €
2	Memorias Ram	44,90 €	89,80 €
1	Windows 10 Pro	169,00 €	169,00 €
1	Portátil HP	649,00 €	649,00 €
1	NAS Synology	628,81 €	628,81 €
1	SAI Salicru	99,00 €	99,00 €
1	Escáner documental Fujitsu	319,00 €	319,00 €
12	PC HP 290 G4 16 Gb Ram	732,05 €	8.784,60 €
13	Monitor Viewsonic 24”	147, 05 €	1.911,65 €
TOTAL INVERSIÓN 2021			13.139,56 €

ANUALIDADE 2022			
Cantidade	Equipamento	Prezo Unidade	Importe
2	Memorias Ram	35 €	70,00 €
1	Windows 11 Pro	49,91 €	49,91 €
4	PC HP 290 G4 16Gb Ram	732,05 €	2.928,20 €
4	Monitor Viewsonic 24”	147,05 €	588,22 €
1	Servidor HPE ML350 Gen 10	4.903,51 €	4.903,51 €
22	Antivirus	43,14 €	949,00 €
20	Office 2021	143,99 €	2.879,80 €
12	Altavoces PC	22 €	263,98 €
8	Webcam	20,00 €	160,00 €
1	Impresora de tarjetas	822,80 €	822,80 €
TOTAL INVERSIÓN 2022			13.615,42 €

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:



ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
ANO 2021: 12.500,00 € ANO 2022: 12.500,00 € TOTAL: 25.000,00 €	ANO 2021: 639,56 € ANO 2022: 1.115,42 € TOTAL: 1.754,98 €
Total: 26.754,98 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.”

Cláusula cuarta.- Réxime económico.

“Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 25.000,00 € (12.500,00 € no ano 2021 e 12.500,00 € no ano 2022) para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira 12.500,00 € irán con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2021 e 12.500,00 € con cargo ao orzamento da anualidade 2022, supeditado a disponibilidad orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2.-Achega do Concello:

O Concello de Barreiros aportará efectuará unha achega de 1.754,98 € (639,56 € no ano 2021 e 1.115,42 € no ano 2022) e o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin perseguido e a súa axeitada execución.

Titularidade do resultado da cooperación:

O Concello de Barreiros será titular do resultado da cooperación, coa obriga de dedicar a mesma ao fin pretendido coa sinatura deste convenio.

Xustificación da achega económica.

O Concello de Barreiros, achegará, como data límite do 31 de marzo de 2022 -para a xustificación da anualidade 2021- e como data límite do 31 de marzo de 2023 -para a xustificación da anualidade 2022- á Deputación de Lugo unha conta xustificativa, que terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterà:

Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Acta de recepción.

Declaración responsable emitida polo representante do concello de Barreiros, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE.



Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración da mesma actividade prevista neste convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello de Barreiros non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello de Barreiros, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente”.

Segunda. As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta segunda addenda, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, suscrito con data 21 de outubro de 2021 e modificado en data 29 de abril de 2022, esta segunda addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente modificación, que consta de 4 páxinas na data *ut supra*, do que como secretario que dou fe.””

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE ANTE O MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO, DA CANDIDATURA DO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO (PSTD) PARA A COMARCA DE A ULLOA: CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Teritorio e Turismo e do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Normativa.

1. Estratexia de sostibilidade turística en destinos (versión revisada xaneiro 2023).
2. Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.
3. A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia.
4. Regulamento do Consello Provincial de Turismo da Provincia de Lugo.

Outros documentos:

5. FAQ convocatoria extraordinaria PSTD 2023.
6. Guía práctica DNSH e etiquetado climático.
7. Plan Estratéxico de Turismo da Provincia de Lugo 2017-2020.

Antecedentes.

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia estrutúrase ao redor de dez políticas panca pola súa alta capacidade de arrastre sobre a actividade e o emprego para a modernización da nosa economía e sociedade.



Esta políticas panca integran á súa vez 30 proxectos ou liñas de acción que articulan de forma coherente e complementaria as diferentes iniciativas tractoras prioritarias de reforma estrutural, tanto de tipo regulatorio como de impulso ao investimento, para contribuír a alcanzar os obxectivos xerais do Plan.

Para todos eles, identificaranse as metas e fitos intermedios, os resultados estimados e o número de beneficiarios, así como o custo estimado.

A quinta política do PRTR “Modernización e dixitalización do tecido industrial e da Peme, recuperación do turismo e impulso a unha España nación Emprendedora” materialízase, polo que respecta ao sector turístico, a través do Compoñente 14: Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico.

O obxectivo principal é transformar e modernizar o sector turístico en España a través da Sostibilidade e a dixitalización, aumentando a súa competitividade e resiliencia.

O compoñente está organizado ao redor de 4 grandes eixos convertidos nos seus investimentos principais:

1. Transformación do modelo turístico cara á Sostibilidade.
2. Programa de dixitalización e intelixencia para destinos e sector turístico.
3. Estratexias de resiliencia turística para territorios extrapeninsulares.
4. Actuacións especiais no ámbito da competitividade.

No primeiro dos eixos é no que se sitúa esta Estratexia de Sostibilidade Turística en Destinos, que pretende situar a Sostibilidade como pedra angular da transformación do modelo turístico, articulando mecanismos de cooperación entre Administracións Públicas para a consecución de fins comúns e a resolución de problemas transversais, impulsando a transformación verde e dixital no sector turístico, así como a mellora na súa competitividade.

O orzamento estimado é de 1.904 millóns de euros.

A Estratexia de Sostibilidade Turística en destinos é o documento de referencia a través do cal se articula o programa. O obxectivo Xeral do Programa de Plans de Sostibilidade Turística en Destinos é avanzar na transformación dos destinos turísticos cara a un modelo baseado na Sostibilidade; isto é, seguindo a definición de turismo sostible da Organización Mundial do Turismo (OMT). Para iso, o Programa contribúe á formulación dun novo modelo turístico que sitúe á Sostibilidade na súa tripla dimensión ambiental, socioeconómica e territorial como eixo vertebrador do destino.

O Programa artícuase con dous mecanismos de intervención:

Plans de Sostibilidade Turística en Destinos (PSTD). Os PSTD deséñanse e executan polas entidades locais, sendo estas as unidades básicas que constitúen os destinos ao ser coñecedoras das especiais necesidades do territorio e en tanto que responsables dos parámetros que inflúen na elección dos turistas e dos determinantes da competitividade e Sostibilidade do modelo turístico.

Actuacións de Cohesión entre Destinos (ACD) representan intervencións de carácter horizontal e de ámbito supra local que contribúen a completar, relacionar ou cohesionar entre si as actuacións en destino de cada comunidade autónoma.

Polo tanto, os Plans de Sostibilidade turística en destinos son plans deseñados e promovidos por Entidades Locais que contemplan intervencións integrais nas zonas obxecto de cada plan coa finalidade de incorporar de maneira efectiva a Sostibilidade e a dixitalización na xestión dos destinos turísticos, de modo que se afronten os novos retos do ecosistema turístico e contribúase a frear os procesos de despoboamento.

Beneficiarios.

A entidade beneficiaria e responsable da execución do PSTD en todas as súas fases deberá ser unha entidade local, de entre as previstas no artigo 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, entre outros, a provincia.



Categorías de destino.

A Estratexia de Sostibilidade Turística en Destinos identifica tres categorías de destino con características diferenciais. Dentro de cada categoría especifícanse á súa vez un conxunto de subcategorías.

Destino turístico de sol e praia.

Destino de sol e praia moi internacionalizado.

Destino de sol e praia mixto/residencial.

Destino turístico rural.

Espazo natural.

Territorio rural cunha identidade turística.

Destino rural costeiro.

Destino turístico urbano.

Gran destino urbano (Madrid e Barcelona).

Destino urbano.

Ciudad con identidade turística.

Convocatorias.

Para o financiamento dos Plans, están previstas dous tipos de convocatorias que responden a dúas fontes diferenciadas de financiamento:

Programa Ordinario de Sostibilidade Turística en Destinos que se convoca anualmente e finánciase con orzamentos das tres administracións: nacional, autonómica e local.

Por outra banda, o Programa Extraordinario de Sostibilidade Turística en Destinos 2021-2023. Comparte co programa ordinario obxectivos, categorías de destino, e boa parte das actuacións; distínguese del polo carácter excepcional do seu financiamento, que procede na súa totalidade dos fondos europeos e que debe implicar unha maior ambición transformadora.

Ambos Programas elabóranse entre a Secretaría de Estado de Turismo (SETUR) e as comunidades e cidades autónomas e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) a través da Conferencia Sectorial de Turismo.

Consideracións.

Primeira.- O pasado 27 de xaneiro o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e os gobernos autonómicos na Conferencia Sectorial, acordaron a terceira convocatoria extraordinaria dos Plans de Sostibilidade Turística en Destinos 2023.

Este programa é un plan de apoio ao investimento en actuacións de impulso, adecuación e mellora dos destinos turísticos primando a sostibilidade ambiental e a dixitalización.

O obxectivo do programa é avanzar na transformación dos destinos turísticos cara un modelo máis competitivo e de maior calidade, baseado na sostibilidade ambiental, socioeconómica e territorial.

O prazo de presentación de propostas será desde o 1 de febreiro de 2023, ata as 14:00 horas do 6 de marzo de 2023.

Só poderán presentarse solicitudes de:

PSTD para o Plan Territorial da comunidade autónoma correspondente.

PSTD para o Plan Nacional - Sol e Praia/Turismo Azul.

Todas as solicitudes optarán por defecto ao Plan Territorial da comunidade autónoma. Adicionalmente, aquelas entidades que o desexen poden optar a que a súa proposta sexa considerada tamén para o Plan Nacional - Sol e Praia/ Turismo Azul.

As actuacións propostas deben poder concluírse antes do segundo semestre do 2026.

A convocatoria extraordinaria está integramente financiada por fondos europeos Next Generation-EU. Non son necesarias achegas adicionais.



No que respecta aos umbrais de investimento a Estratexia determina os umbrais mínimos por subcategoría de destino:

Subcategoría de destino	Investimento mínimo
Gran destino urbano	10 M€
Sol e Praia moi internacionalizado	5 M€
Destino urbano	2 M€
Cidade con identidade turística	
Sol e praia mixto/estacional	
Rural costeiro	1 M€
Espazos naturais terrestres	
Destinos rurais con identidade turística	

Por unha banda, esíxese que cada unha das intervencións (PSTD ou ACD) recollidas nos Plans Territoriais de sostibilidade Turística conteñan polo menos un mínimo do 10% de investimento en cada un dos seguintes Eixos de actuación:

- Eixo 1. Actuacións no ámbito da transición verde e sostible.
- Eixo 2. Actuacións de mellora da eficiencia enerxética.
- Eixo 3. Actuacións no ámbito da transición dixital.
- Eixo 4. Actuacións no ámbito da competitividade.

Ademais, co obxecto de contribuír aos fitos e obxectivos establecidos no Anexo V da Estratexia de sostibilidade Turística en Destinos, esíxese os seguintes umbrais de investimento mínimo a cada unha das intervencións:

Un mínimo do 7,5% do orzamento global do PSTD, para as actuacións identificadas con etiqueta climática 100% pola Comisión Europea recollidas no Eixo de transición verde e sostible.

Un mínimo do 7,5% do orzamento global do PSTD, para as actuacións identificadas con etiqueta climática 40% pola Comisión Europea recollidas no Eixo de transición verde e sostible.

Un mínimo do 20% do orzamento global do PSTD, ás actuacións identificadas con etiqueta climática 100% pola Comisión Europea no ámbito da eficiencia enerxética, establecidas no Eixo 2 desta Estratexia.

Destinarase, así mesmo, un mínimo de 10% do orzamento ás actuacións no ámbito da transición dixital.

Segunda.- O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local- LBRL, recolle as competencias das Deputacións Provinciais entre as que se atopa a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo con as competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, no seu artigo 6 determina que corresponde ás entidades locais supramunicipais, se prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, as seguintes atribucións:

a. A promoción dos recursos turísticos e xeodestinos, segundo a definición contemplada no artigo 23.1, que se determinen dentro do seu ámbito territorial, en coordinación con todos os entes locais afectados e a Administración autonómica.

b. O asesoramento e apoio técnico aos entes locais do seu ámbito territorial en calquera aspecto que mellore a súa competitividade turística.

c. A articulación, coordinación e fomento das estratexias de promoción derivadas do ámbito privado do sector turístico.

d. A contribución, a instancia da Administración autonómica, á formulación dos instrumentos de planificación turística.

O Servizo de Turismo da Deputación de Lugo asume as devanditas competencias. Para dar resposta de forma planificada ás mesmas, a Deputación de Lugo elaborou en 2017 o Plan Estratégico de Turismo da Provincia de Lugo 2017-2020. Os alicerces deste Plan foron: a redefinición do modelo de xestión e gobernanza turística do territorio, o desenvolvemento dunha oferta diferencial, a consolidación da tendencia á alza da demanda turística, a mellora da competitividade e a dotación ao sector de ferramentas para a innovación.



No marco deste Plan Estratéxico, unha das principais liñas de actuación é a referida ao impulso da gobernanza turística a través de diferentes estruturas de xestión, prevendo a creación dun ente turístico provincial de carácter participativo e consultivo que traballe en prol do desenvolvemento consensuado dos plans de actuación e da promoción conxunta da marca do destino. Todo iso co obxectivo de articular os diferentes axentes da cadea de valor turística para xerar compromiso, aliñar os obxectivos e colaborar en proxectos asegurando un bo funcionamento do modelo turístico.

Froito deste traballo en 2018 apróbase o Regulamento do Consello Provincial de Turismo da Provincia de Lugo, órgano colexiado de carácter consultivo e de asesoramento que ten por obxecto canalizar a participación social dos axentes turísticos públicos e privados do territorio no deseño e na execución consensuada da política turística local co fin de crear sinerxías e impulsar o desenvolvemento sostible e a mellora continua do sector na provincia de Lugo.

Terceira.- Coa finalidade de abordar a recuperación socioeconómica fronte á crise, esta Deputación deseñou en 2021 a súa propia folla de ruta denominada Plan de propostas de acción para la provincia de Lugo a través del Fondo de Recuperación Europeo (Next Generation EU).

Este documento, no cal se define a estratexia a seguir na provincia de Lugo a medio e longo prazo, está totalmente aliñado cos obxectivos que persegue o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia aprobado polo Consello de Ministros do Goberno de España o 27 de abril de 2021 para a súa remisión á Comisión Europea, así como tamén coas recomendacións do Semestre Europeo para o noso país e cos obxectivos principais da nova Política de Cohesión para 2021-2027 que impulsarán os investimentos da UE durante este período. Comprende todas as actuacións que a Deputación de Lugo pretende financiar con cargo ao Fondo de Recuperación Europeo e tamén co novo Marco Financeiro Plurianual 2021-2027.

Para o seu desenvolvemento tívose en conta as particularidades da provincia de Lugo e o papel de liderado e cooperación cos municipios que esta Deputación quere seguir desempeñando.

Establécense 6 propostas claves de actuación, cada unha delas aliñada cos eixos transversais, políticas panca e compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e tamén cos obxectivos da AUE entre as que se atopa o Plan integral de promoción turística e de mobilidade sustentable no territorio.

No mesmo propóñense accións concretas a realizar tanto na rede viaria provincial como en materia turística (desenvolvemento do turismo sostible e intelixente, dixitalización, mellora dos usos turísticos das instalacións provinciais, recuperación do patrimonio histórico, mellora da información turística, desenvolver actividades de ocio características dos destinos de turismo verde e natureza...)

Cuarta.- A Deputación de Lugo, con data 11.03.2022 adxudica a construción do Parque Central de Galicia no lugar de Nugallás, no concello de Antas de Ulla, co co obxectivo de poñer en valor este lugar por unha banda e por ende a conservación da natureza co obxectivo de instaurar nesta finca unha zona verde, dedicada ao lecer e ocio dos veciños deste lugar, e dos visitantes que acudan, así como, aumentar a riqueza de espazos deste tipo dentro da Provincia de Lugo.

O Decreto 65/1997, de 20 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o mapa comarcal de Galicia define a comarca da Ulloa como a comprendida polos concellos de Antas de Ulla, Monterroso e Palas de Rei.

Dado que está a rematar a obra do Parque Central de Galicia e coa finalidade de dar un pulo ás actuacións previstas para o mesmo apostamos por incidir directamente na promoción turística dos tres concellos que compoñen a comarca da Ulloa participando na convocatoria extraordinaria actual dos Plans de Sostibilidade Turística en Destino.

Trátase dunha proposta encadrada no Plan de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD) para o Plan Territorial de Galicia na Subcategoría de destino turístico rural.

O orzamento previsto acada un total de 1.500.000,00€ euros.



Quinta.- Respecto do órgano competente, o Regulamento Orgánico desta Deputación Provincial, publicado no BOP de Lugo Núm. 202 de data 3 de setembro de 2020, establece no seu artigo 59 que lle corresponde á Xunta de Goberno as seguintes atribucións, entre outras, delegadas do Presidente e do Pleno:

(...) 17. Solicitude de subvencións a organismos oficiais e privados cando a devandita competencia non sexa atribución do presidente/a.(...)”

Vense considerando que a Xunta de Goberno é a competente tanto en materia de contratación, como de subvencións e convenios cando o seu importe supera o dos contratos menores.

Polo tanto, neste caso a competencia para presentar a solicitude de subvención corresponde á Xunta de Goberno.

Polo anteriormente exposto e á vista dos informes emitidos polos respectivos Servizos desta Entidade, propónse á Xunta de Goberno que se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a solicitude ante o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, da candidatura do Plan de Sostibilidade Turística en Destino para a Comarca da Ulloa, convocatoria 2023.

Facúltase para tramitar a mencionada solicitude de axudas, tanto ao Servizo de Turismo como á Sección de Innovación e Participación Cidadá, co obxecto de que presenten na sede electrónica correspondente toda a documentación esixida polas bases da convocatoria.

2º.- Aprobar o orzamento total previsto por un importe de 1.500.000,00 €. A convocatoria extraordinaria está integramente financiada por fondos europeos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia- Next Generation EU. Non son necesarias achegas adicionais por parte da Deputación de Lugo.

Non obstante o anterior, este orzamento poderá sufrir algunha modificación en función das cantidades que finalmente se outorguen polo Ministerio convocante no caso de concederse a axuda.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO PROGRAMA DE CULTURA DO CONCELLO DE BURELA, INCLUÍDO NO PLAN ÚNICO PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de decembro de 2021, acordou, por unanimidade, prestar aprobación ás bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Así mesmo, o Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o día 5 de abril de 2022, acordou, por unanimidade, aprobar o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia.

Logo de ver a petición do Concello de Burela, de data 12 de decembro de 2022, no que solicita autorización para a modificación no obxecto da achega do Plan Único 2022 relativa ao Programa de Actividades Culturais, substituíndo “Feira Multicultural, Certame Internacional de pintura mural Amarte Burela, Certame galego de videoclips de centros de ensino de música Musik@arte, Entroido e Festas de Burela” por “Nadal 2022, Festa da Castaña, Certame Internacional de pintura mural Amarte Burela, Certame galego de videoclips de centros de ensino de música Musik@arte, Entroido e Festas de Burela”.

Considerando o informe favorable do Servizo de Cultura sobre a modificación do Programa de Actividades Culturais do Concello de Burela, e tendo en conta que coa modificación e



incorporación das actividades propostas non se altera a súa natureza de carácter sociocultural, nin se incrementa o importe da achega provincial de 35.600,00€ prevista no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Contando coa conformidade do Servizo de Intervención.

A Deputada que subscribe propón que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación solicitada polo Concello de Burela, por considerar que a súa solicitude cumpre cos requisitos establecidos no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022, procedendo deste xeito á modificación de “Feira Multicultural, Certame Internacional de pintura mural Amarte Burela, Certame galego de videoclips de centros de ensino de música Musik@arte, Entroido e Festas de Burela” por “Nadal 2022, Festa da Castaña, Certame Internacional de pintura mural Amarte Burela, Certame galego de videoclips de centros de ensino de música Musik@arte, Entroido e Festas de Burela””

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES E CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACÍONS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2023.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Á vista da incoación do inicio da tramitación do expediente relativo ás bases e convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses) para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2023.

Tendo en conta:

1. A Deputación de Lugo é a entidade responsable da xestión das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, declaradas nos anos 2002 e 2006, respectivamente, pola UNESCO ao abeiro do Programa Persoa e Biosfera (Programa MaB).

En ambas Reservas da Biosfera resulta imprescindible que a implementación dos seus Plans de Acción forme parte dun proceso integrador no que se teñan en conta os diferentes axentes implicados no desenvolvemento e posta en marcha de cada acción. Polo tanto, debe contemplarse a integración dos organismos competentes, fomentando a colaboración e participación de entidades locais, asociacións, representantes dos distintos sectores produtivos implicados, organizacións conservacionistas sen ánimo de lucro, institucións dedicadas a educación e/ ou investigación científica, así como todos aqueles axentes que poidan verse implicados no desenvolvemento e posta en marcha das accións formuladas no presente Plan, especialmente, aos integrantes dos Órganos de Participación de ámbalas Reservas da Biosfera.

2. Esta convocatoria de subvencións está destinada ao desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade de 2023, e cuxos fins contribúan ao cumprimento dalgunha das Liñas de Acción dos Plans de Accións das referidas Reservas da Biosfera.

3. A convocatoria inclúe dúas liñas diferenciadas:



A Liña 10.2 destinada á execución de actividades no territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/ delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 26 municipios: Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Muras, Ourel, Outeiro de Rei, O Páramo, A Pastoriza, Pol, Rábade, Riotorto, O Valadouro, Vilalba e Xermade. Esta liña ten unha dotación de 60.000,00 €.

A Liña 10.3 destinada á execución de actividades no territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/ delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 3 municipios: Becerreá, Cervantes e Navia de Suarna. Esta liña ten unha dotación de 50.000,00 €.

4. Os gastos subvencionables neste programa (que non poderán estar subvencionados por outro programa ou convocatoria da Deputación de Lugo) son aqueles considerados como gastos correntes que contribúan ao cumprimento dalgunha das Liñas de Acción dos Plans de Accións das Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses.

5. En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades ou asociacións sen ánimo de lucro legalmente constituídas, inscritas no rexistro público correspondente na data de publicación desta convocatoria, con sede/ delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adelante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con algunha das liñas de acción dos planes das ditas Reservas.

Tendo en conta os informes favorables do Servizo de Medio Ambiente, do Servizo de Contratación e Fomento e da Intervención provincial.

Polo exposto, tendo en conta os expresados informes, propónse á Xunta de Goberno:

1º.- Autorizar o devandito gasto por importe de oitenta e tres mil euros (110.000,00 €) con cargo ás aplicacións 1724/48900 (60.000,00 €) e 1725/48900 (50.000,00 €) do orzamento do ano 2023.

2º.- Aprobar as bases e os anexos (relativos aos modelos de presentación de solicitudes e de xustificación de subvencións), así como a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2023.

3º.- Realizar a convocatoria pública, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión das referidas subvencións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

15.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.